O Correo Galego
ÚNICO XORNAL EN GALEGO
XOVES, 5/6/1997
SIGNOS



# A LOUSA INSTITUCIONAL ACABA CO 'EN PÉ DE PEDRA'

Ía camiño de se converter, se non o era xa, nunha das propostas máis audaces do panorama da danza contemporánea internacional. E estaba a facelo sobre as pedras de Compostela, entre a ferruxe e o estatismo dunha cidade, -"a aldea máis grande de Europa" como ben a definiu Otero Pedrayo- que, malia a capitalidade cultural que lle agarda para o 2000, semella vivir un soño dourado de medo e academicismo que lle impide medrar e adscribirse ós tempos de mudanzas propios dunha fin de século. ***En Pé de Pedra*** organizado pola Sala Galán, que xa cumpriu catro anos, e patrocinado ata o de hoxe polo Concello de Santiago, levou a danza dos nosos días ás rúas de Compostela.



JERRY SNELL E NADINE THOUIN, DE CANADÁ ESTREARON NAS RÚAS DE COMPOSTELA A PEZA 'WAR IS OVER?'

Durante dous anos, ofertou para o público galego unha selección das compañías que, neste eido, viñan desenvolvendo un traballo máis innovador e arriscado tanto no panorama estatal como no internacional.

Ana Vallés, encargada de programación da sala e actriz, lembra os inicios dunha andaina que agora, pola falta dun decidido apoio institucional, ve perigar a súa continuidade nas vindeiras edicións. "Comezamos no ano 93 con experiencias piloto de danza na rúa, unha colaboración entre a nosa compañía, ***Matarile*** e a compañía ***Provisional*** de Madrid. Foi o preludio de ***En Pé de Pedra***. Soubemos de experiencias semellantes en Madrid ou Barcelona pero, na actualidade, ***En Pé de Pedra*** era a máis consolidada e a máis importante no ámbito internacional".

Presentarlle as novas formas de expresión a un público alleo a unha contemporaneidade que, por dereito, lle pertence foi o obxectivo principal de ***En Pé de Pedra*** desde o seu nacemento no 1995. Nesta primeira edición a participación estaba centrada na danza contemporánea e nela tomaron parte cinco compañías de todo o Estado español.

Na mesma liña, aínda que con maior éxito de público e abríndolles as portas a grupos procedentes de Estados Unidos e de Canadá, continuou a mostra celebrada no ano 96, preludio da que, do 26 ó 29 de xuño deste ano 1997, había de traer ás pedras de Santiago vinte actuacións de 10 compañías (danza, propostas teatrais e para-teatrais) do Estado español e de Portugal, Italia, Suecia, Iugoslavia e Holanda, entre as que se incluían catro estreas.

"Desde o principio apostamos pola danza -lembra Ana Vallés- e por achegar a sala á rúa. No ano 94 presentámoslles o proxecto ***En Pé de Pedra*** á Xunta e ó concello. Rexeitárono. Volvemos presentalo no 95 e o Concello asumiuno dentro do convenio de catro millóns que tiñamos asinado. Ese ano amplióuse a seis millóns para englobar ***En Pé de Pedra***. A idea básica era usar os espacios da cidade de tal cal están, sen escenarios, sen aparataxe técnica, sen montar nada. Nós fotografabamos os espacios axeitándonnos ás peticións das compañías e logo eles viñan e montaban o espectáculo".

## RAZÓNS DE PEDRA

A resposta do público foi en sempre moi boa, especialmente na última edición. Todas as montaxes desenvolvéronse ó aire libre, na Quintana, no Obradoiro, en San Martiño Pinario, Fonseca..., achegándolle a un espectador ocasional retallos da máis valente e fermosa das expresións contemporáneas. Este ano -sinala Ana Vallés cun aquel de tristura e indignación na ollada-, sería quizais o ano do asentamento definitivo e mesmo estaba previsto a chegada de público doutros lugares.

O ***En Pé de Pedra*** do 97 levaba preparándose desde decembro e estaba programado xa ata o último detalle. A suspensión definitiva do Festival foi adiada ata o de agora, en parte pola falta dunha resposta clara das autoridades municipais pero quizais tamén pola negativa dos organizadores a recoñeceren que todas as horas de traballo e a ilusión que se investiron no proxecto ficaban en nada por un argumento tan voluble e inconsistente como a falta de cartos. Así o sinala Ana Vallés. "Outros anos ***En Pé de Pedra*** fíxose con pouco máis de dous millóns de pesetas; este ano presentamos un proxecto de catro millóns. O Igaem comprometeu un millón e nós xa acordaramos a estadía dos convidados, tarifas especiais para as viaxes así como a realización dun seguimento por parte da TVG. O concello unicamente debía manter as anteriores axudas, e aínda así negouse. Se por dous millóns e medio de pesetas non se fixo un festival internacional entón non hai que falar de cartos senón doutras cousas", e puntualiza: "Non se poden deixar morrer iniciativas que naceron aquí en Galicia. Só é cuestión de recoñecer un traballo que se está a facer; se as institucións non son quen de afrontalo polo menos que lle deixen facer ós profesionais. Estase a preparar o 2000 e ninguén sabe qué se está facendo, non se conta con profesionais galegos, nin técnicos, organizadores, actores, nada... Tampouco en ***Galicia, Terra Única*** están a contar coa xente que pode facer cousas". Outras cidades xa se teñen interesado por unha extensión da mostra nas súas rúas pero este ano será imposible o traslado a outro emprazamento. Non é doado, en pouco tempo, artellar unha infraestructura que acolla a mostra considerando ademais que Compostela xa conta cun marco privilexiado para o seu desenvolvemento. Malia o mutismo oficial, a Galán, impulsora dun ***En Pé de Pedra*** que agora desaparece, agarda unha contestación coherente por parte do concello. Unha entidade que, ó nega-la subvención que fai posible a mostra, permite, sen dor, que Santiago deixe de ser núcleo xestor dunha iniciativa pioneira no campo de batalla da expresión contemporánea.

**FRANCISCO P. LORENZO**

El Correo Gallego

en Pé de PEDRA

Miércoles, 7. may. 2008

# 'En Pé de Pedra' se toma un descanso y pretende tener periodicidad bienal

**INTERRUPCIÓN** ► El festival de danza llevaba 12 años celebrándose en Santiago, organizado por la sala Galán

**E.P.** • MADRID

El Festival Internacional de Danza para Paseantes *En Pé de Pedra*, que promueve desde hace doce años la Sala Galán, "no se celebrará este año", según anunció ayer la coreógrafa Ana Vallés, coincidiendo con la presentación en Madrid de la obra *Animales Artificiales*, de Matarile Teatro.

Vallés ironizó con que "no vendrá mal un año de descanso en la organización, siempre y cuando se pueda recuperar su celebración", y explicó que "hemos propuesto a las autoridades que se realice con periodicidad bienal porque ha crecido tanto que se hace difícil su producción". El festival contó en los últimos años con el respaldo del Igaem, la Concejalía de Cultura y otras entidades.

*En Pé de Pedra*, según indica el Teatro Galán en la web oficial de la edición de 2007, no se plantea como una simple programación de espectáculos de danza o como muestra de determinadas formas artísticas, sino que pretende establecer un tipo de relación diferente entre el público y la escena, recuperando una dimensión de acontecimiento público en el que la participación del que mira es tan importante como la del que es observado.

MATARILE TEATRO - teatro galán
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela · Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** · e-mail: **teatrogalan@mundo-r.com**
**www.enpedepedra.com**
*If you call from abroad: telf: +34 - 81 - 58 51 66 - fax: +34 - 81 - 58 51 21*

EL PAIS
DIARIO INDEPENDIENTE DE LA MAÑANA

en Pé de PEDRA

7 de mayo de 2008
GALICIA

# El festival 'En pé de pedra' no se celebrará este año

J. L. E., **Santiago**

La danza no llegará este año a las calles del casco histórico de Santiago debido a la suspensión del festival *En pé de pedra* que ha venido celebrándose ininterrumpidamente a lo largo de los últimos 12 años. La directora del evento, Ana Vallés, explicó que a partir de ahora el certamen tendrá carácter bianual ya que su crecimiento hace muy difícil organizarlo con periodicidad anual.

*En pé de pedra* se había convertido en la cita más importante de la danza contemporánea en Galicia. Compañías nacionales e internacionales aprovechaban la cita para presentar sus obras en plazas, calles y parques de la ciudad compostelana.

Vallés apuntó que este paréntesis puede ser beneficioso para el festival, que se venía celebrando tradicionalmente a finales del mes de junio. Todas las actuaciones tenían carácter gratuito y la financiación se obtenía a través de la Consellería de Cultura, el Ayuntamiento de Santiago y otras instituciones. En 2007 hubo un total de 24 representaciones y 7 estrenos, con la participación de nueve compañías y cinco bailarines en solitario.

# El Festival 'En Pe de Pedra' no se celebrará en 2008 y se estudia que tenga una periodicidad bienal, según Ana Vallés

07-05-2008 11:29:12



El Festival Internacional de Danza para paseantes 'En Pé de Pedra', que promueve desde hace doce años el Teatro Galán en Santiago de Compostela, "no se celebrará este año", según anunció hoy la directora y coreógrafa Ana Vallés.

Coincidiendo con la presentación ayer en Madrid de la obra 'Animales Artificiales' que representa compañía gallega Matarile Teatro, Vallés comunicó que este año "no se celebrará" el Festival Internacional 'En Pé de Pedra', que suele desarrollarse a finales del mes de junio, en fechas próximas a San Juan. Ironizó con que no vendrá mal un año de descanso en la organización, siempre y cuando se pueda recuperar su celebración.

"Hemos propuesto a las autoridades que se realice con periodicidad bienal porque ha crecido tanto que se hace difícil su producción", añadió la coreógrafa vinculada a la organización del festival, que en los últimos años contó con el respaldo del Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (Igaem), la Concejalía de Cultura de Santiago y otras entidades e instituciones.

'En Pé de Pedra', según indica el Teatro Galán en la web oficial referida a la edición de 2007, no se plantea como una simple programación de espectáculos de danza o como muestra de determinadas formas artísticas, sino que pretende establecer un tipo de relación diferente entre el público y la escena, recuperando una dimensión de acontecimiento público en el que la participación del que mira es tan importante como la del que es observado.

Este festival, que se desarrolla principalmente en espacios al aire libre de Santiago de Compostela, mostró en sus pasadas ediciones las distintas corrientes de la creación actual de la danza contemporánea propiciando el intercambio cultural y la presentación de nuevos creadores junto a coreógrafos destacados.

En su última edición, celebrada en 2007, este evento contó con 24 representaciones y 7 estrenos durante tres días, con la participación de nueve compañías, cinco bailarines-coreógrafos en el programa especial 'Puro e duro', un taller de danza, la actuación de una charanga y la acogida del 4º encuentro de la M.I.T. (Mesa Itinerante de Trabajo) organizado por el Centro Coreográfico Galego.

MATARILE TEATRO - teatro galán
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** - e-mail: **teatrogalan@mundo-r.com**
**www.enpedepedra.com**
*If you call from abroad: telf: +34 - 81 - 58 51 66 - fax: +34 - 81 - 58 51 21*

Galicia Hoxe

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

en Pé de PEDRA



**ESCENA** Ana Vallés anuncia a suspensión por este ano do festival En Pé de Pedra, que en adiante podería celebrarse con carácter bianual

# Un repouso **inesperado**



**A bailarina xaponesa** Hisako Hosikawa na actuación que ofreceu no 2007 na praza de Praterías de Santiago no seo do festival En pé de Pedra

**A responsable do Teatro Galán afirma que o evento "creceu tanto que se fai difícil a súa produción"**

**E.P.** · Santiago

O Festival Internacional de Danza para paseantes En Pé de Pedra, que promove dende hai doce anos o Teatro Galán en Santiago de Compostela, "non se celebrará este ano", segundo anunciou onte a directora e coreógrafa Ana Vallés.

Coincidindo coa presentación onte en Madrid da obra *Animales Artificiales*, que representa a compañía galega Matarile Teatro, Vallés comunicou que este ano "non se celebrará" o Festival Internacional En Pé de Pedra, que adoita desenvolverse a finais do mes de xuño. Ironizou con que non virá mal un ano de descanso na organización, sempre e cando se poida recuperar a súa celebración.

"Propuxemos ás autoridades que se realice con periodicidade bienal porque creceu tanto que se fai difícil a súa produción", engadiu a coreógrafa vinculada á organización do festival, que nos últimos anos contou co apoio do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (Igaem), a Concellaría de Cultura de Santiago e outras entidades e institucións.

O festival, segundo indica o Teatro Galán na web oficial referida á edición de 2007, non se formula como unha simple programación de espectáculos de danza ou como mostra de determinadas formas artísticas, senón que pretende establecer un tipo de relación diferente entre o público e a escena, recuperando unha dimensión de acontecemento público no que a participación do que mira é tan importante como a do que é observado.

Este evento, que se desenvolve principalmente en espazos ao aire libre de Santiago de Compostela, mostrou nas súas pasadas edicións as distintas correntes da creación actual da danza contemporánea propiciando o intercambio cultural e a presentación de novos creadores xunto a coreógrafos destacados.

**Máis de 20 representacións na última edición**

Na última edición, celebrada no 2007, o festival contou con 24 representacións e 7 estreas durante tres días, coa participación de nove compañías, cinco bailarins-coreógrafos no programa especial Puro e duro, un obradoiro de danza, a actuación dunha charanga e a acollida do 4 encontro da M.I.T. (Mesa Itinerante de Traballo) organizado polo Centro Coreográfico Galego.

Matarile Teatro presentará hoxe e ata o 11 de maio a obra *Animales Artificiales* no Teatro Fernán Gómez-Centro de Arte de Madrid. Vallés explicou que a montaxe escenifica "a delgada liña que existe entre as normas que impón a sociedade e o instinto animal que todo home leva dentro".

*Animales Artificiales*, que se estreou no XXV Festival Internacional de Teatro de Málaga, carece de estrutura narrativa. O espectáculo lévano a escena sete bailaríns e conta con pezas de tuba interpretadas por Hugo Portas e cantadas por un contratenor.

A directora resaltou o papel que tivo na construción da obra o "proceso creativo" que ela definiu como unha "suma e superposición das distintas achegas de texto, de improvisación na interpretación actual e na música que se foron entrelazando e das que, ao final, xurdiu a estrutura final do espectáculo".

No entanto, o bailarín Ricardo Santana matizou que "non se trata dunha estrutura ríxida. Creo nos actores creadores e non nos actores intérpretes, por iso, é bo que teñan o seu espazo de achega e que exista un lugar aberto aos accidentes", explicou Vallés. ●

**MONTAXE**

## O humano como ser social

A montaxe pretende ser unha reivindicación do home como ser social e unha expresión da dicotomía que se produce en todos entre o que queremos ser, o que facemos e o peso que a tradición exerce na construción da nosa personalidade. Para Vallés, *Animales Artificiales* resalta principalmente a empatía, esa capacidade exclusivamente humana de poñerse no lugar do outro.

A directora do Teatro Fernán Gómez, Amora Apreda, resaltou a traxectoria de Vallés, que "dende hai máis de 20 anos soubo traballar baixo unha determinada liña de actuación e encargouse da xestión do Teatro Galán".

Esta sala de teatro compostelá permaneceu aberta entre o ano 1993 e o 2006. Durante este período, colaborou e organizou diversos festivais e certames, entre os que se atopan, ademais de En pé de Pedra, A lebre de Marzo, Festival Internacional de Teatro Universitario e a propia Feira das Artes Escénicas.